

En realidade, dado que non queres quitarte da cabeza esa curiosa idea, esa idea de merda, de camiñar por diante dos demais, un camiño, por outra parte, que, non quixera decilo pero a escola e todo o demais, o Nobel, ese asunto, non podes pretender que eu o entenda, se por min fora, ataríate á taza do retrete ata que se che pase, pero qué queres que che diga, eu non son a persona máis indicada para entendelo, eu nunca tuven esa fixación de andar por diante dos demais, non sei, e na escola sempre fun un fracaso, sempre, sempre, sen remedio, por tanto é natural que eu non o entenda, aínda que me esforce; só se me ocorre a historia esa dos ríos, se de verdade pretendo algo que me faga asimilar todo este asunto, acabo pensando nos ríos, e no feito de que se puxeran a estudialos precisamente porque non lles cadraba esa historia de que **un río, tendo que chegar ó mar, invirta tanto tempo, ou sexa, elixa, deliberadamente, facer un montón de curvas, no lugar de dirixirse directamente á súa meta, tes que admitir que é algo absurdo, e é exactamente o que eles pensaron, hai algo absurdo en todas esas curvas, de maneira que se puxeron a estudar o tema e o que descubriron ó final, é increíble, é que calquera río, non importa dónde esté nin cal sexa a súa lonxitude, tódolos ríos, todos e cada un dos ríos, antes de chegar o mar fan exactamente un percorrido tres veces máis longo que o que farían se foran en línea recta, asombroso, pensao, tres veces o que sería necesario, e todo a base de curvas, xustamente, só con esa estrataxema das curvas, e non ese río e ese outro, senon tódolos ríos, como se fora algo obrigado, unha especie de regra para todos, é algo increíble, unha loucura, verdadeiramente, pero iso é o que descubriron con científica seguridade a base de estudar os ríos, tódolos ríos, descubriron que non están tolos, é a súa propia natureza dos ríos a que os obriga a ese vagabundeo continuo, e incluso exacto, de maneira que todos**

, e digo todos, ó final navegan por un camiño tres veces máis longo do necesario, é máis, para ser exactos, tres coma catorce veces, xúrocho, o famoso pi grego, non quería crermo, pero, en efecto, parece que así é, tes que coller a súa distancia respecto o mar, multiplicala polo pi grego e obtés a distancia respecto ó mar, multiplicala polo pi grego e obtés a distancia que efectivamente percorren, o cal, pensei, é moi bonito, pois, pensei, se hai unha regra para eles cómo non a vai haber para nós, ou sexa, o mínimo que pode esperarse é que para nós sexa máis ou menos o mesmo, e que todo este deambular arriba e abaixo, como se estiveramos tolos, ou peor aínda, perdidos, é a nosa maneira de ir directos, unha maneira científicamente exacta e, por dicilo dalgunha maneira, xa prefixado, a pesars de que sexa indudablemente parecido a unha secuencia desordenada de errors, ou replantexamentos, pero só en aparencia porque en realidade é simplemente a nosa maneira de ir a onde temos que ir, a maneira que é especificamente nosa, nosa natureza, por dicilo dalgún modo: ¿qué quería dicir?, esa historia dos ríos, sí, é unha historia que, ben pensado, é reconfortante, eu atopoa moi reconfortante, de maneira que decidín creer nela, e por tanto, iso é, o que quería dicir é que me doe verte navegar por curvas de merda coma esa de Couverney, pero aínda que teña que ir cada vez, sempre pensarei que é xusto que sexa así, e que fas ben en ir, aínda que só con dicilo me veñan ganas de romperche a cabeza, pero quero que vaías, e faime feliz que vaías, es un tío forte, non te perderás, non importa que eu alí non fora nin morta, trátase só de que somos ríos distintos, evidentemente, eu debo de ser un río doutro modelo, é máis, se penso niso paréceme que máis ca un río, ou sexa, seguro que eu son un lago, non sei se me entendes, ó mellor uns son ríos e outros lagos, eu son un lago, non sei, algo parecido a un lago, unha vez me bañeime nun lago, era moi extraño porque vés que avanzas, ou sexa é todo tan plano que cando nadas daste conta de que avanzas, é unha sensación extraña, e ademáis había un lote de insectos e se poñías o pé no chan, cerca da veira, donde tocabas, se poñías o pé no chan daba un asco terrible, coma se fora area pringosa, dende arriba non o dirías, pero era algo como unha especie de area pringosa, petróleo, algo así, bastante asqueroso de verdade; de tódolos xeitos só quería dicirche dúas cousas, a primeria é que se se atreven a facerchee dano, vou para alá e cólgoos dun cable de alta tensión